

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

ACORDO do 2 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construcción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Pena de Cabra, nos concellos de Toques e Sobrado (expediente IN408A 2020/33).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2001, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U. (CIF B70501473).

Enderezo para os efectos de notificacións: praza de María Pita, nº 10, 1º andar, 15001 A Coruña.

Denominación do proxecto: parque eólico Pena de Cabra (expediente IN408A 2020/33).

Concellos afectados pola poligonal: Toques e Sobrado (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 25,20 MW.

Número de aeroxeadeiros que se van instalar: 6 ud. × 4,2 MW de potencia nominal unitaria.

Produción media neta estimada: 97.365 MWh/ano.

Horas netas anuais equivalentes a potencia nominal: 3.864 horas.

Orzamento de execución material: 19.221.787,10 €.

Prazo de execución: oito (8) meses.



Localización (área de afección):

Parque eólico Pena de Cabra	
A.D.E.	Coto das Codesas

Parque eólico Pena de Cabra			
Vértice poligonal	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89		Concello
	X	Y	
1	580.727	4.762.786	Sobrado
2	583.075	4.757.786	Toques
3	583.875	4.757.786	Toques
4	584.440	4.760.038	Toques
5	583.398	4.761.573	Toques
6	583.651	4.761.685	Toques
7	584.538	4.761.835	Toques
8	584.129	4.762.786	Toques

Parque eólico Pena de Cabra			
Aeroxerador	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89		Concello
	X	Y	
AE 1	583.931	4.762.258	Toques
AE 2	583.485	4.761.986	Toques
AE 3	583.242	4.760.874	Toques
AE 4	583.407	4.760.652	Toques
AE 5	583.644	4.760.463	Toques
AE 6	583.769	4.760.116	Toques

Parque eólico Pena de Cabra			
Torre meteorolónica	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89		Concello
	X	Y	
TM	583.931	4.759.811	Toques

Parque eólico Pena de Cabra			
Centro de seccionamento	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89		Concello
	X	Y	
CSC	583.711	4.762.097	Toques



Características técnicas da instalación:

- Seis (6) aeroxeradores de tres pas, modelo Vestas V136 ou semellante, de 4.200 kW de potencia nominal unitaria, con velocidade e paso variables, diámetro do rotor de 136 m e altura de buxa de 112 m.
- Seis (6) centros de transformación montados no interior das góndolas dos aeroxeradores, con transformador trifásico de illamento en seco, potencia aparente unitaria 4.700 kVA e relación de transformación 0,72/30 kV, coas súas correspondentes celas metálicas de seccionamento, manobra e protección.
- Unha (1) torre meteorolóxica de 112 m de altura.
- O centro de seccionamento e control (CSC) do parque eólico estará constituído por un edificio prefabricado en que se albergarán as celas de protección e de medida, ademais dun transformador de servizos auxiliares de 50 kVA e relación de transformación 30/0,42 kV.
- O sistema colector de media tensión (MT) está formado por tres circuitos de 30 kV en instalación soterrada e ten como obxecto a canalización da enerxía xerada polas aeroturbinas ata o CSC. O condutor utilizado será de tipo RHZ1-OL 18/30 kV AI de 1×240 e 1×400 mm².
- A posta a terra da rede de MT está constituída por un cable de cobre espido, de sección 50 mm², tendido ao longo da canalización de MT no fondo da gabia.
- Pola mesma gabia das citadas liñas de MT instalarase unha rede de comunicacóns que empregará como soporte un cable de fibra óptica e que se usará para a monitorización e control do parque eólico.
- No edificio do CSC recollerase toda a enerxía procedente do parque para enviarla á futura subestación do parque eólico Friol (expediente LU-11/147-EOL, actualmente en tramitación e promovido por Greenalia Wind Power Friol, S.L.U.) a través dunha liña de evacuación de 30 kV (LMT 30 kV PE Pena da Cabra-PE Friol, expediente IN408A 2020/106, actualmente en tramitación e promovido por Greenalia Wind Power Pena da Cabra, S.L.U.). Nin a subestación Friol nin a liña de evacuación que irá desde o CSC á primeira forman parte deste proxecto.



Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a autorización administrativa de construcción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico das instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urgente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (febreiro 2020-visado 25.10.2021).
 - 1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.
 - 1.2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura no anexo que se insire neste acordo.
 - 1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (febreiro 2020-asinado 9.7.2021).
3. O proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) (febreiro 2020-visado 11.5.2020).

O que se fai público, de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para o coñecemento xeral, así como, en particular, dos propietarios dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, e das persoas que sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados fosen omitidas, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo (no DOG ou no xornal).



A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da sección de Enerxía desta Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (rúa Vicente Ferrer, nº 2, 2º andar, 15071 A Coruña, das 9.00 as 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico seccion.enerxia.coruna@xunta.es ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 62), así como nas casas consistoriais de Toques e Sobrado (A Coruña). Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través da seguinte ligazón:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/pena-da-cabra>

A Coruña, 2 de decembro de 2021

Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña





ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Pena da Cabra nos concellos de Toques e Sobrado (A Coruña) (expediente IN408A 2020/033)

Nº predio	Titularidade	Parcela				Afeccións (m²)							
		Datos catastrais				Pleno domino				Serv. de paso		Serv. de voo	Ocupac. temp. (amoreamientos)
		Polg.	Parc.	Lugar	Cultivo	Cim.	Plat.	T. met.	CSC	Vías	Gabia		
Concello de toques													
1	Comunidade parroquial do monte veciñal en man común de Capela-T Rpte. Manuel Buján Mosteiro	6	641	Penas	Matogueira		106			421	557	3.990	
2	Monte veciñal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	835	Paradela	Matogueira			100		448	749		
3	Monte veciñal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	193	Paradela	Matogueira	493	668			37	5.650		
4	Castro Álvarez, María Inés Castro Álvarez, María del Pilar Castro Álvarez, Manuel Castro Álvarez, María del Carmen Castro Álvarez, José María Castro Álvarez, Jesús	5	951	Ulleiro	Matogueira	6	5.449			649	281	1.935	
5	López Varela, Dositeo López Prieto, Remedios	5	208	Bulleiro	Prado Matogueira					1.452	557	2.671	
6	Monte veciñal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	627	Paradela	Matogueira	1.496	16.601			6.054	2.573	31.685	1.454
7	Monte veciñal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	1015	Quenlla	Eucaliptal					910			
8	Lorenzo Casanova, Remigio	5	33	Toxeira	Matogueira					12	107		
9	Lorenzo Morujosa, Mª Elena (hdros.) Rpte. Edita Vázquez Lorenzo	5	15	Entre Torreiros	Eucaliptal						222		



DOG

Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 241

Venres, 17 de decembro de 2021

Páx. 6217

Nº predio	Titularidade	Parcela				Afeccións (m²)							
		Datos catastrais				Pleno domino				Serv. de paso		Serv. de voo	Ocupac. temp. (amoreamientos)
		Polg.	Parc.	Lugar	Cultivo	Cim.	Plat.	T. met.	CSC	Vías	Gabia		
10	Vázquez Mosteiro, Jesús Lorenzo Morujosa, María Elena (hdros. de)	5	1051	Forxa	Eucaliptal						25		
11	Amor Morujosa, Guillermo	5	17	Entre Torreiros	Eucaliptal						160		
12	Lorenzo Morujosa, Mª Elena (hdros.) Rpte. Edita Vázquez Lorenzo	5	14	Codeseira	Prado						52		
13	Cousu Villamor, Mercedes	5	1003	Veira da Casa	Matogueira						331		
14	Lorenzo Casanova, Remigio	5	11	Riba da Eira	Prado						121		
15	Morujosa Buján, Isidro (hdros. de) Lorenzo Morujosa, M. Elena (hdros.)	5	10	Horta do Curral	Labradío						1		
16	Lorenzo Morujosa, Mª Elena (hdros.) Rpte. Edita Vázquez Lorenzo	5	000800200NH86A	Chousa do Reboleiro	Matogueira						273		
17	Vázquez Lorenzo, Manuel	5	9	Castro Lobos	Eucaliptal						132		
18	Varela Vázquez, José Souto Barco, María Luz	5	1002	Castro Lobos	Matogueira						47		
19	Varela Vázquez, José Souto Barco, María Luz	5	000800100NH86A	Chousa do Reboleiro	Matogueira						175		
20	Varela Vázquez, José	5	55	Prado da Segá	Prado						196		
21	Lorenzo Casanova, Remigio Pandelo Lorenzo, María Cristina	5	94	Leira Longa	Prado Matogueira						7		
22	Sánchez Otero, José (hdros. de) López Peón, Flora (hdros. de)	5	123	A Pena	Prado						561		
23	Corral Cousu, Tito	5	131	Prado da Pena	Prado						261		
24	Cousu Prado, Jesús	5	97	Monte Vello	Prado Carballal						3		
25	López Sánchez, Edelmiro (hdros. de)	5	133	Corredoiriña	Labradío						61		



DOG

Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 241

Venres, 17 de decembro de 2021

Páx. 6218

Nº predio	Titularidade	Parcela				Afeccións (m²)							
		Datos catastrais				Pleno domino				Serv. de paso		Serv. de voo	Ocupac. temp. (amoreamientos)
		Polg.	Parc.	Lugar	Cultivo	Cim.	Plat.	T. met.	CSC	Vías	Gabia		
26	Sánchez López, José María (hdros.) Rpte. Manuel e José Sánchez García	5	134	Prado da Pena	Labradío						192		
27	Ares López, José López Ares, María Josefa López Ares, Antonio López Ares, María Josefa	5	137	Leira	Labradío						218		
28	Prado Barallobre, José (hdros. de)	5	138	Leira da Xesteira	Labradío						44		
29	Combo Varela, Pablo	5	153	As Cancelas	Prado Matogueira						90		
30	Prado Quintela, Elías	5	149	Revoltiña	Prado						490		
31	Gómez Lorenzo, Esperanza	5	147	Prado da Moruxosa	Prado						97		
32	Prado Quintela, Elías	5	148	Prado Grande	Prado					12	529		
33	Combo Varela, Pablo	5	144	A Fonte	Labradío						650		
34	Cousu Prado, Jesús	5	146	Chousa da Fonte	Prado Matogueira						270		
35	Cousu Prado, Manuel	5	002400100NH86C	Cameao	Prado Matogueira						62		
36	García Prado, Luis	5	150	Pena Cavada	Prado Matogueira					27	130		
37	Monte vecinal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	1025	Paradela	Matogueira					1.442	893		
38	Cousu Prado, Manuel	5	583	Arda	Labradío						42		
39	Monte vecinal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	584	Paradela	Matogueira	499	6.158			1.398	1.454	11.613	
40	Monte vecinal en man común de Paradela-Toques Rpte. Jesús Salvador Prieto Carril	5	565	Paradela	Matogueira		4.262			496	1.533	822	1.327



Nº predio	Titularidade	Parcela				Afeccións (m²)						Serv. de voo	Ocupac. temp. (amoreamentos)		
		Datos catastrais				Pleno domino				Serv. de paso					
		Polg.	Parc.	Lugar	Cultivo	Cim.	Plat.	T. met.	CSC	Vías	Gabia				
41	Costoya Rabasco, Miguel Ángel Mosteiro Mosteiro, Laura	1	1388	Bernucho	Matogueira	8	250					2.505			
42	Castro Espiño, Celsa Corral Castro, Luís	1	764	Bernucho	Matogueira							1.605			
43	Comunidade parroquial do monte veciñal en man común de Brañas Rpte. Daniel Penas Barallobre	1	802	Brañas	Matogueira	490	1.277					6.632			

Afeccións en metros cadrados (m²):

- Superficie de pleno dominio:
 - Cimentación (Cim.): cimentación do aeroxerador.
 - Plataforma (Plat.): plataforma de montaxe do aeroxerador.
 - Centro de seccionamento (CSC).
 - Torre meteorolóxica (T. met.): plataforma da torre meteorolólica.
- Servidume de paso:
 - Vías: dereito de paso polas vías en que circularán os transportes para a construcción, vixilancia, conservación e reparación das instalacións do parque eólico.
 - Gabia: servidume de paso da liña eléctrica soterrada.
 - Servidume de voo das pas dos aeroxeradores (Serv. voo).
 - Outras afeccións:
 - Ocupación temporal (Ocup. temp.): ocupación de terreos durante o período de duración das obras. Serve temporalmente como provisión de materiais, montaxe de guindastres, provisión de pas e outros compoñentes dos aeroxeradores, etc.